

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de decembro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

**Invitados:**

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás vinte horas e doce minutos do día cinco de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1906).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1907).- VALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 28.214,45 € COMO CONSECUENCIA DE DIVERSOS ACTOS PROTOCOLARIOS DE ALCALDÍA. EXPTE. 5220/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.11.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 20.11.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran nas facturas seguintes:

CATERING	Nº FACTURA	FECHA	IMPORTE	MOTIVO
CATERING OH VIGO	C129/08	10/07/08	8120,00€	Catering del 9 de Julio
CATERING OH VIGO	C131/08	15/07/08	1856,00€	Catering 11 de Julio en Comisaría
GRUPO DON PEPE	08C/21	31/05/08	6420,00€	Encuentro Galaico-Portugueses de educadores
GRUPO DON PEPE	08C/28	05/06/08	3210,00€	XV Congreso de Patología Digestiva
GRUPO DON PEPE	08C/056	02/08/08	1926,00€	Pregón Cristo de la Victoria
TOTAL			21.532,00€	

OBSEQUIOS	NºFACTURA	FECHA	IMPORTE	MOTIVO
ARTE EN BRONCE	029	15/05/08	705,28€	Medalla de bronce escudo Concello
SARGADELOS	08/257	17/07/08	319,02€	Figuras
SARGADELOS	08/273	31/07/08	850,98€	XIV Festival Folclórico Internacional
TOTAL			1875,28	

GRAFICAS				
GRAFICAS NUMEN	A20080049	30/01/08	242,15€	Invitaciones “Concepción Arenal” y sobres verjurados
TOTAL			242,15€	

FLORES Y PLANTAS	421	30/09/08	1059,30	Centros y Flores
TOTAL			1059,30 €	

RESTAURANTES	Nº FACTURA	FECHA	IMPORTE	MOTIVO
MESÓN EL CAPITÁN	02176	01/06/08	425,65€	Comida
CAF. AYUNTAMIENTO	01287	4/08/08	1539,00€	Ruedas de prensa y otras reuniones
CAF.AYUNTAMIENTO	01275	02/05/08	1147,40€	Ruedas de prensa y otras reuniones
REST. DE TAPA EN CEPA	214	13/08/08	136,30€	Comida
TOTAL			3248,35	

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “José Barral, con DNI 35980865-X”, “Gráficas Númen B-36694339”, “Sargadelos Galería Vigo B-32116915”, “Raúl Alvarez Fernández 36085949-F”, “Grupo Don Pepe B-27710714”, “Oh Vigo S.L B-36776656”, “Flores y Plantas Valle Fragoso B-36686533”, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Gobierno”, por importe de 27.957,08 euros ive incluído.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de “José Barral, con DNI 35980865-X”, “Gráficas Númen B-36694339”, “Sargadelos Galería Vigo B-32116915”, “Raúl Alvarez Fernández 36085949-F”, “Grupo Don Pepe B-27710714”, “Oh Vigo S.L B-36776656”, “Flores y Plantas Valle Fragoso B-36686533”,

con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Gobierno” do presuposto actualmente en vigor, por importe de 27.957,08 euros IVE incluído,.”

**3(1908).- VALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 45.344,91 € COMO CONSECUENCIA DE DIVERSOS GASTOS REALIZADOS EN PUBLICIDADE. EXPTE. 5253/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 3.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 24.11.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran nas facturas seguintes:

<i>PUBLICACION</i>	<i>Nº FACTURA</i>	<i>FECHA</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>MOTIVO</i>
<i>PUBLICAC. TILDE</i>	<i>102-18</i>	<i>22/05/08</i>	<i>4060,00€</i>	<i>Publicidad institucional</i>
<i>FARO DE VIGO</i>	<i>E0000109</i>	<i>01/04/08</i>	<i>12.000€</i>	<i>Llaveros Reconquista</i>
<i>FARO DE VIGO</i>	<i>A9295</i>	<i>31/05/08</i>	<i>649,60€</i>	<i>Esquela Genaro Borrás</i>
<i>AGENCIA EFE</i>	<i>10018011</i>	<i>01/05/08</i>	<i>1350,60</i>	<i>Texto Galicia</i>
<i>POMAR COMUNIC.</i>	<i>08/444</i>	<i>01/07/08</i>	<i>435</i>	<i>Bandera Azule</i>
<i>ECOVIGO</i>	<i>A2008-0310</i>	<i>30/06/08</i>	<i>12845,61€</i>	<i>Anun. Inform. municipal</i>
<i>ECOVIGO</i>	<i>A2008-0090</i>	<i>29/02/08</i>	<i>13127,14€</i>	<i>Anun. Inform. municipal</i>
<i>REDMARKET</i>	<i>366/08</i>	<i>15/08/08</i>	<i>580€</i>	<i>Inser. en Disfrutar Vigo</i>
<i>TOTAL</i>			<i>45.344,91</i>	

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “Faro de Vigo SAU A-36600815”, “Agencia EFE A-28028744”; “Publicaciones Tilde SL B-36937894”; “Comunicación y Marketing SL B-36830982”; “Pomar Comunicación SL B-97663306” e “Ecovigo Publicidad SL B-36614808”, por importe de 45.344,91 euros ive incluído.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de “Faro de Vigo SAU A-36600815”, “Agencia EFE A-28028744”; “Publicaciones Tilde SL B-36937894”; “Comunicación y Marketing SL B-36830982”; “Pomar Comunicación SL B-97663306” e “Ecovigo Publicidad SL B-36614808”, por importe de 45.344,91 euros IVE incluído, do presuposto actualmente en vigor.”

**4(1909).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN IFEVI POLO SEU PROGRAMA DE CONCERTOS MUSAIS NO ANO 2008. EXPTE. 2892/338.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 21.11.08, conformado polo concelleiro de Cultura e animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### 1.- Antecedentes:

O Concello de Vigo desenvolve durante todo o ano un importante programa de actividades musicais en colaboración de moitas entidades e institucións da Cidade de Vigo. Este ano 2008 a Fundación IFEVI desenvolveu un importante programa musical a través da promoción de unha serie de concertos de gran importancia, tanto pola calidade dos artistas como tamén pola repercusión social e mediática dos mesmos.

Este importante programa de concertos tivo unha incidencia importante no calendario de actuacións musicais de Vigo, polo cal tendo en conta a memoria presentada pola entidade organizadora (IFEVI), considerase importante proceder a resolución dunha subvención directa a esta entidade en base a colaboración da Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo para a financiación de parte deste importante proxecto.

Atendendo as peculiaridades descritas na memoria do IFEVI, e tendo en conta as características dos concertos realizados desprendese que as instalacións do IFEVI son as únicas existente na cidade para poder realizar este tipo de eventos, tendo en conta as capacidades a cuberto do mesmo e as instalacións auxiliares das que dispón o propio recinto feiral, así como a capacidade de execución do volumen de traballo vinculado as tarefas previas de montaxe.

O aspectos anteriores orientan a que o IFEVI é a única entidade con capacidade propia e solvencia suficiente para a organización destes eventos, ademais o IFEVI ten demostrado e acreditado a capacidade organizativa e solvencia técnica, económica e profesional na organización deste tipo de eventos, e por outro lado, o IFEVI como Fundación declarada de interese industrial por orden da CONSELLERÍA da Presidencia e Administración pública de 7 de marzo de 2000 e de interese galego por orden da Consellería de Industria e Comercio de 30 de marzo de 2000, contituíe unha serie de características que aconsellan e definen o obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden o desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social e de forma específica en relación os proxectos de promoción musical.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer esta resolución de subvención, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos musicais considerase unha axuda moi importante para a promoción da cidade dende o punto de vista sociocultural, ademais de complementar de maneira moi importante a programación Musical da cidade, a cal é un área de actuación da Concellería de Animación sociocultural. En base a estes criterios propónse a seguinte resolución de subvención directa o IFEVI dende a Concellería de Animación socio Cultural.

### 2.- Disposición da Resolución:

2.1.- O obxecto da presente resolución de subvención establecece na colaboración da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e a Fundación IFEVI para a regulación dunha subvención con motivo do desenvolvemento dun programa de Concertos na Cidade de Vigo por parte do IFEVI e colaborar na financiación do mesmo.

2.2.- A lexislación aplicable, para esta resolución, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións

*previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción e difusión dun importante programa musical.*

*A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que a Fundación IFEVI é a única entidade destas características que hai en Vigo con capacidade para a organización deste programa, a única que dispón dos medios propios como son as instalación do propio recinto feiral.*

*A Fundación IFEVI para obter a condición de de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.*

*2.3.- O Concello de Vigo a través da Concellería de Animación Sociocultural e Festas, comprométese a aportar a subvención de 200.000,00 € (douscentos mil euros) a Fundación IFEVI, en base a colaboración do Concello de Vigo como colaboración a financiación do programa de concertos realizado, con cargo a partida 4512.489.00.00 do orzamento vixente.*

*2.4.- A Fundación IFEVI presentará unha memoria para a xustificación da execución do programa de concertos en base o proxecto presentado.*

*O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*O Técnico/a responsable do servizo de Animación sociocultural do Concello de Vigo, certificará a adecuada xustificación da presente resolución de subvención mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.*

*Para a tramitación do pago do importe da subvención que se desenvolve a través deste expediente de resolución a Fundación IFEVI deberá de adxuntar ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*

*Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*

*Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

*Tamén serán admitidos aqueles gastos vinculados con este convenio que poidan ser xustificadas a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co obxecto deste convenio, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*

*Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*

3.- Proposta de resolución de subvención:

*De acordo os temas expostos no presente expediente e tendo en conta as condicións recollidas no mesmo, **PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:***

*“PRIMEIRO: Aprobación da concesión directa dunha subvención o IFEVI polo desenvolvemento do programa de concertos que contén a memoria adxunta.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto de 200.000,00 euros (douscentos mil euros) a favor da entidade; Fundación IFEVI con CIF G36845832. Con enderezo en avda. Aeroporto-Cotogrande. Vigo con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.489.00.00 –“transferencias a entidades sin animo de lucro”, do vixente orzamento.*

*TERCEIRO: A presente subvención deberá de ser xustificada en relación do obxecto, así como os criterios establecidos na parte dispositiva do presente expediente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1910).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE BENESTAR SOCIAL E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA COMO ELEMENTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL NOS DIVERSOS ASPECTOS VINCULADOS A SECTORES SOCIAIS DESFAVORECIDOS. EXPTE. 38278/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.08, o informe xurídico do 4.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 2.12.08, conformado pola concelleira delegada de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a regulación dunha subvención a Fundación VIDE, polo desenvolvemento de diversas actuación no ámbito do “DEPORTE” como elemento de integración social en diversos aspectos vinculados a sectores desfavorecidos, así como a promoción xenérica do deporte en base utilidade pública do mesmo a favor destes valores durante e exercicio do ano 2008.

2º.- Aprobar o gasto de 150.000,00 euros (cento cincuenta mil mil euros) a favor da entidade; Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080 0065 34 0040027966 con cargo á partida 3130.489.00.00 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar a concelleira-delegada da Area de Benestar Social, Dna. Maria Xose Méndez Piñeiro, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE A CONCELLERIA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA COMO UN ELEMENTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL NOS DIVERSOS ASPECTOS VINCULADOS A SECTORES SOCIAIS DESFAVORECIDOS.*

En Vigo, a        de        de 2008

REUNIDOS

Dunha parte: Dna. Maria Xose Méndez Piñeiro, Concelleira Delegada da área de Benestar Social do Concello de Vigo.

Doutra parte: D<sup>a</sup> Laura Magdalena Martínez, con D.N.I. 36.114.700-P V, Directora Xerente da Fundación Vigo en Deporte, con C.I.F. G- 36.894.020 e con domicilio social en Rúa Cesáreo González, s/n Vigo.

#### EXPOÑEN

*PRIMEIRO.-* Que a Fundación Vigo en Deporte foi constituída con data 19 de novembro de 2001 e clasificada por Orden da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 27 de decembro de 2001 e declarada de interese galego pola mesma Consellería de 4 de febreiro de 2.002, quedando adscrita ao Protectorado da Xunta de Galicia e atópase incluída entre as reguladas na Sección 1<sup>a</sup> Capítulo I do Título II da Lei 30/1.994; ten entre os seus fins fundacionais o fomento do deporte co orixe en Vigo.

*SEGUNDO.-* Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Benestar Social está interesado en colaborar co desenvolvemento dos proxectos que desenvolve de promoción do deporte como un elemento de integración social nos diversos aspectos vinculados a sectores desfavorecidos, discapacitados, sectores da poboación desfavorecidos, así como os proxectos de integración do deporte en todo o ámbito da sociedade previstos pola Fundación Vigo en Deporte para o ano 2008 en cumprimento dos seus fins fundacionais. As actuacións deste convenio teñen un claro interese público e social. Asemade a Fundación Vigo Deporte é a única que ten a capacidade organizativa e a vinculación social com toda a estrutura deportiva da cidade para desenvolver estas actuacións.

Polo cal en aras dos intereses conxuntos e o desenvolvemento de novas áreas de actuación, conveñen a regulación deste convenio para a tramitación dunha subvención de acordo coas seguintes:

#### CLÁUSULAS

*Primeira:* O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo e a Fundación VIDE para a subvención por parte desta concellería, na execución dos proxectos presentados por VIDE e desenvolvidos durante todo o ano 2008, e que de forma xeral non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados

*Segunda:* A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008.

Esta subvención ten un claro carácter de interes publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción da actividade deportiva na cidade como elemento de integración social nos diversos aspectos vinculados a sectores desfavorecidos, discapacitados, sectores da poboación desfavorecidos, así como os proxectos de integración do deporte en todo o ámbito da sociedade, asemade a Fundación VIDE é a única destas características que hai en Vigo, polo que a subvención se establece mediante un convenio non existindo concorrencia ao tratarse dunha única entidade que poda facer esta función.

A subvención que regula este convenio non obedece aos principios de publicidade e concorrencia dado que a Fundación VIDE ten experiencia para o fomento destes proxectos deportivos en Vigo, sendo unha institución que desenvolve programas para favorecer e promover todos os ámbitos do deporte, debido á repercusión que ten este organismo no deporte en xeral.

*A Fundación VIDE para obter a condición de de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.*

*Terceira: A Fundación VIDE, comprométese a xustificar todos os aspectos vinculados a execución dos programas vinculados co obxecto do convenio.*

*Cuarta: O Concello de Vigo comprométese a aportar a cantidade de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) a Fundación VIDE, en base a colaboración do Concello de Vigo como subvención para o programa de desenvolvemento do “DEPORTE” como elemento de integración social en diversos aspectos vinculados a sectores desfavorecidos, así como a promoción xenérica do deporte nestos valores, con cargo a partida 3130.489.00.00 do orzamento vixente*

*Quinta: En base a este convenio a Fundación VIDE, dende a notificación desta subvención terá un mes para presentar a documentación que xustifique a execución do mesmo.*

*Sexta: a Fundación VIDE presentará unha memoria para a xustificación da execución do programa en base o proxecto presentado.*

*O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar a correcta realización das tarefas previstas neste convenio.*

*O Técnico/a responsable do servicio de Benestar Social do Concello de Vigo, certificará a adecuada xustificación do presente convenio mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.*

*Séptima: Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Fundación VIDE deberá de adxuntar ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos polo importe da subvención concedida sobre os gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*

*Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*

*Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*



*En relación as aportacións económicas que realiza a Fundación VIDE, será suficiente o documento orixinal da certificación da Doación realizada pola Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co obxecto deste convenio, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*

*Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*

*Oitava: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio*

*Novena: A Concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.*

*Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio.*

## **6(1911).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) POLAS ACTIVIDADES NO ÁMBITO DEPORTIVO DESENVOLVIDAS NO ANO 2008. EXPTE. 8214/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 4.12.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

*A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización, constituída por Caixanova, Pescanova, PSA Peugeot Citroen e o Concello de Vigo, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.*

*Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.*

*Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de “Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación”.*

*Tendo en conta estes criterios e atendendo ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, e tendo en conta que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano unha subvención con carácter nominativo e directo a propia Fundación VIDE, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación desta subvención por un importe de 12.000,00 euros.*

*A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interés público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2008, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*O obxecto da presente proposta de resolución é coadjuvar á financiación da Fundación VIDE para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado pola Fundación VIDE para o ano 2008. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.*

*A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurará relacionadas as actividades realizadas.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.*

*A concesión de subvención implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Técnico responsable do servicio de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente convenio, certificará a adecuada xustificación da presente resolución de subvención mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto da mesma, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a súa xustificación.*

*Para a tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación VIDE, dentro do prazo máximo dun mes dende a notificación da resolución, deberá de adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:*

*Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención:*

*Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*

*Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

*En relación as aportacións económicas que realiza a Fundación VIDE, será suficiente o documento orixinal da certificación da Doación realizada pola Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

*Por todo o exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*1.- A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 12.000,00 €. a favor da entidade: Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080 0065 34 0040027966 con cargo á partida 4521.489.00.02 do vixente orzamento e dacordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:*

*a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadjuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado pola Fundación VIDE para o ano 2008.*

*b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008.*

*c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2008, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.*

*e) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación VIDE, dentro do prazo máximo dun mes dende a notificación da resolución, deberá de adxuntar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas pola Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*f) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*g) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(1912).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CORUÑA. EXPTE. 55427/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 26.11.08, conformada pola xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Movexvial, S.L. a execución das obras de humanización da rúa Coruña. (expte 55427-250) por un prezo total de 1.380.995 euros un prazo de garantía de 78 meses e un compromiso de aportación económica ó plan de control de calidade do 3,5% do presuposto de execución material. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obtera de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Topografo
  - Delineante
  - 2 Encargado ou capatáz.
  - 6 oficiais de 1ª.
  - 3 oficiais de 2ª.
  - 8 operarios peóns.

#### **8(1913).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS- CABALGATA DE REIS 2009. EXPTE. 2556-335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 28.11.08, conformada pola xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir as propostas presentadas por D. Alberto Sala Costas por non acreditar a solvencia técnica e Con + Arte, S.L: por que a oferta incumple as medidas mínimas fixadas no prego de prescricións técnicas.

2º.- Adxudicar provisionalmente a La Fiesta Escénica, S.L o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2009. (expte 2556-335) por un 48.720 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-10-2008 e a oferta presentada.

3º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

**9(1914).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN PRAZA EDUARDO CHAO. FASE 2B. EXPTE. 56711/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 26.11.08, conformada pola xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcción, Obras e Viais, S.A. a execución das obras de reurbanización da praza de Eduardo Chao fase 2 B. (expte 56711-250) por un prezo total de 129.675,77 euros un prazo de garantía de 24 meses e un compromiso de aportación económica ó plan de control de calidade do 3,76% do presuposto de execución de contrata. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Topografo
  - Encargado ou capatáz.
  - 3 oficiais de 1ª.
  - 2 oficiais de 2ª.
  - 4 operarios peóns.

**10(1915).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A ADQUISICIÓN DE COLECTORES PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS. EXPTE. 2276/252.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 28.11.08, conformada pola xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ás contratacións laborais por interinaxe propostos, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da oposición para a cobertura de tres prazas de operario-peón en réxime laboral.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura do Servizo de RRHH, propón á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,*

#### PROPOSTA:

*“Primeiro.- Declara-la urxencia na cobertura interina de dúas prazas vacantes de axudante de oficios, escala de administración especial, encadrada dentro do persoal laboral, xustificada nas necesidades dos Servizos de Educación e Montes, Parques e Xardíns contidas nos escritos de datas 17 e 10 de novembro de 2008.*

*Segundo.- Contratar interinamente con cargo as referidas prazas vacantes de Axudantes de Oficios, á D<sup>a</sup>. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, con D.N.I. 36.071.578-B e D. CÁNDIDO BEA PUENTES, con D.N.I. 36.076.761-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de operarios-peons incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2007, do 12 de abril e, o artigo 15 do Estatuto dos traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.*

*Terceiro.- Á/ó interesada/o formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98.*

*Á/ó aspirante nomeada/o deberá subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo.*

*A formalización deste contrato de interinidade e a conseguinte extinción do vínculo laboral con ésta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban ó/á interesado/a, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse as mesmas, nos termos dispostos no lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público ( Lei 7/2007, do 12 de abril).”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(1934).- PROPOSTA PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR. EXPTE. 18610/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 25.11.08, conformado pola xefa do Servizo de Recursos humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 20 de decembro de 2007 e 4 de agosto de 2008, respectivamente (BOP de Pontevedra de 10 de setembro de 2008), figuran vacantes, entre outras, unha praza de Oficial de Oficios, con posto de Oficial conductor no Servizo do Parque Móbil, que é necesaria cubrir para garanti-lo normal funcionamento do mesmo, tal e como se reflexa nos escritos de datas 4 de decembro de 2007, 10 de marzo e 21 de novembro de 2008, asinado polo xefe do Servizo e a conformidade da concelleira-delegada da area de Servizos Xerais.*

*O concelleiro-delegado da área de xestión municipal, mediante instrución de servizo de data 21 de novembro actual, autorizou a contratación interina dun oficial conductor, das seis vacantes coas que conta na actualidade o Servizo do Parque Móbil Municipal.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como persoal laboral fixo de cinco prazas de oficial conductor, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, sendo nomeados por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de agosto de 2007, praza da que tomaron posesión o 7 de setembro seguinte. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 7 de abril de 2008, acordou, entre outros, a contratación interina en réxime laboral do dous primeiros aspirantes da referida lista, a saber D. Manuel Alfonso López Rodríguez, DNI 36.049.331-M e D. Jesús Carballo Magariños, DNI. 76.819.393-Z, os cales formalizaron o seu contrato de traballo con data 10 de abril de 2008.*

*Requerido o seguinte aspirante da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, D. Angel Alonso González, DNI. 36.007.420-T, este aceptou expresamente, mediante escrito de 18 de novembro pasado, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a través das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque este Concello.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rixe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do EBEP que así o dispoñan.*

*Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas– poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á contratación interina proposta, xa que o citado candidato superou os exercicios da oposición para a cobertura de cinco prazas de oficial conductor en réxime laboral.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura do Servizo de RRHH, propón á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,*

**PROPOSTA:**

*“Primeiro.- Declara-la urxencia na cobertura interina dunha praza vacante de oficial conductor, escala de administración especial, encadrada dentro do persoal laboral, xustificada nas necesidades do Servizo de Parque Móbil Municipal contida no escrito de data 21 de novembro de 2008.*

*Segundo.- Contratar interinamente con cargo a referida praza vacante de Oficial Conductor, á D. ANGEL ALONSO GONZÁLEZ, con D.N.I. 36.007.420-T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficial conductor incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2007, do 12 de abril e, o artigo 15 do Estatuto dos traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.*

*Terceiro.- O interesado formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98.*

*O aspirante nomeado deberá subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo.*

*A formalización deste contrato de interinidade e a conseguinte extinción do vínculo laboral con ésta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ó interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberá incluírse a mesma, nos termos dispostos no lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público ( Lei 7/2007, do 12 de abril).”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(1935).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTE A OUTUBRO DE 2008. EXPTE. 18603/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.08, e o informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 28.11.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 9.647,07 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Participación Cidadá, Conserxería, Sanidade, Cemiterios, Benestar Social, Museo de Castrelos, Educación e Inspección de Tributos, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	301,91
5110	OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias	3.665,78
2220	Mobilidade e Seguridade	762,47
4631	Participación Cidadá	98,51
4121	Sanidade	629,66
4220	Educación	488,87
6110	Inspección Tributos	2.941,39

4430	Cemiterios	152,38
1210	Conserxería	569,05
3130	Benestar Social	14,25
4513	Museo de Castrelos	22,80
TOTAL		9.647,07

**31(1936).- PROPOSTA PARA A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE XEO DENTRO DO RECINTO DO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 525/107.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Tenencia de Alcaldía, do 5.12.08, conformado polo tenente de alcalde, que di o seguinte:

*Segundo instrucións do Tenente de Alcalde iniciouse o expediente conducente a tramitación da autorización para a instalación dunha pista de xeo dentro do recinto do auditorio de Castrelos.*

*Este proxecto contemplanse dentro do marco de promoción de actividades recreativas para complementar a dinamización na cidade de Vigo no entorno das datas do Nadal. A actividade recreativa vinculada a unha pista de xeo e un proxecto de promoción que desperta gran interese entre toda a poboación, e de forma especial nestas épocas do ano, polo cal, atendendo as peculiaridades derivadas dos diversos proxectos e opcións de montaxe estimase convinte ubicar este tipo de instalacións nun entorno que facilite o acceso e poda ser complementario das actividades naturais dos vigueses e viguesas no seu tempo de ócio.*

*En base o exposto, dende a Tenencia de Alcaldía, solicitouse informe o departamento municipal de Animación Sociocultural sobre a viabilidade do montaxe desta actividade no interior do recinto do auditorio de Castrelos, tendo en conta que esta actividade responde as demandas básicas de montaxe e desmontaxe de calquera actividade cultural ou espectáculo para o cal esta deseñado este recinto.*

*Com data 3 de decembro o Xefe do Servizo de Animación Sociocultural, informa de forma favorable en base a contemplar unha serie de aspectos relacionados coa cobertura dos riscos inherentes a este proxecto, así como a supervisión e control do correcto uso deste recinto.*

*En base informe mencionado o proxecto que se presenta contempla de forma específica as consideracións feitas polo departamento de Animación Sociocultural, polo que continuase o presente expediente para a solicitude da autorización da citada instalación de Xeo en base as seguintes condicións ofertadas pola empresa Hielo Emoción, S.L.(cif:B-84893254)*

Ubicación da pista:

*Zoa do patio de butacas do recinto. Para o montaxe da zoa se realizará o montaxe dunha tarima para nivelar o terreo.*

- *Pista de xeo de 20 x 30.*
- *Montaxe de maquinaria enfriadora homologada. Consumo de potencia máxima 240 KW, consumo medio entre 70 e 90 kw/h.*
- *Cuadros electricos de montaxe homologados.*
- *Instalación realizada pola empresa responsable da pista de xeo.*

Instalación de servizos auxiliares da instalación:

*Carpas para os servizos de atención o público, taquilla de venda de entradas, zoa de calzado e patins, bancos, equipo de música para animación das actividades, iluminación nocturna e decoración do entorno.*

Necesidade de utilización de outros espazos:

De cara a poder estruturar outros servizos complementarios na instalación se solicita autorización para o montaxe de servizos auxiliares no espazo do escenario tales como xogos de hinchables para nenos, outras áreas de xogos e um espazo auxiliar de cafetería para a zoa de espera. Tamén solicítase o uso de outros espazos do recinto como servizos de público e algún espazo para oficina desta actividade.

Recursos humanos:

A empresa responsable do montaxe da pista aportará o persoal necesario para a coordinación do proxecto, os monitores/as, a vixianza nocturna da instalación durante todo o período da actividade, así como a responsabilidade técnica do correcto funcionamento das instalacións durante as 24 horas do día.

Responsabilidades:

A empresa responsable do montaxe, asumirá a contratación dun seguro para cubrir os problemas derivados do montaxe e desmontaxe, así como un seguro de responsabilidade civil adecuado nas súas cuantías a actividade proposta.

Horarios da actividade:

Período: 15/20 de decembro- 31 de xaneiro.

Horarios:

Período lectivo escolar.

de luns a venres: 10.00 h. a 14.00 h., e de 16.00 a 22.00 h.

sábados e domingos: 12.00 h. a 22.00 h.

Datas especiais:

24 e 31 de decembro: 12.00 h. a 19.00 h.

25 decembro 1 de xaneiro: 16.00 h. a 22.00 h.

Tarifas de prezos para os programas de actividade da pista de Xeo:

Establecerase un prezo único de 6,00 € (seis euros) por persoa para a actividade de patinaxe.

Programa de promoción escolar:

Establecerase un prezo reducido de 3,00 € (tres euros) por neno ou nena, para o programa escolar a través de centros de ensino con actividade concertada ou invitados polo Concello de Vigo. Esta actividade estará coordinada por un técnico da instalación ademais dos monitores que orientarán durante a actividade.

A coordinación dos proxectos de seguimento do montaxe e funcionamento da Pista de Xeo será xestionada dende a Tenencia de Alcaldía tendo en conta as consideracións feitas polo departamento de Animación Sociocultural.

Adxuntase o presente expediente a seguinte documentación acreditativa das condicións do proxecto de montaxe da pista de xeo, así como os documentos acreditativos da capacidade de obrar da empresa organizadora do proxecto.

Por todo o exposto, proponse a Xunta Local de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Autorizar o montaxe dun pista de Xeo nas instalacións do Auditorio de Castrelos, a empresa Hielo Emoción, S.L.(cif:B-84893254), durante o período comprendido entre o 15/20 de decembro de 2008 e o 31 de Janeiro de 2009, en base as especificacións técnicas que constan no presente expediente.

**Segundo:** A Empresa Hielo Emoción, S.L. (cif:B-84893254), responsabilizarase de cumprir todos os requisitos técnicos así como de seguridade necesarios para as actividades previstas no programa.



### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(1937).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA 1-TOMADA. APROBACIÓN INICIAL EXPTE. 4504/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.11.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*En data 29/04/02 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da A-SU- A 1 TOMADA (Expte. 4407/411).*

*O 16/04/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese ámbito (expte. 4091/401).*

*O Consello da Xerencia, na súa sesión do 23/05/2002, aprobou a constitución da Xunta de Compensación (expte. 4355/401).*

*A Xunta de goberno local na súa sesión do 17/12/07 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da A-SU- A 1 TOMADA, rectificada mediante acordo posterior do 4/08/08 (expte. 4747/401).*

*Don Juan Tomás Álvarez Rial, en calidade de presidente da Xunta de compensación da Unidade de actuación A-SU- A 1 TOMADA, con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 26/01/04, presentou proxecto de urbanización redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio profesional correspondente con datas 12/01/04 e 18/08/08, para a súa tramitación.*

*Con datas 18/06/04, 11/11/04 e 5/06/07, os servizos de electro-mecánicos, montes, parques e xardíns e o de Abastecemento e Saneamento de Auga “Aqualia”, informaron o devandito proxecto de urbanización.*

*O 10/10/08 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu o seguinte informe:*

*“En data 26/01/2004, a Xunta de Compensación UA-1 TOMADA Presenta o proxecto Urbanización da U.A.-1 Tomada. Este proxecto foi redactado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Alberto Moreno García col. nº 3824, con visados de fechas 12 de xaneiro de 2004 e 16 de agosto de 2008, unha vez introducidos os axustes solicitados.*

*Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 410.856,59 € e un orzamento de execución por contrata de 567.146,44€. A actuación ten unha superficie total de 17.815,65 m<sup>2</sup> , correspondendo 2.573,86 m<sup>2</sup> a viais públicos, 8.907,82 m<sup>2</sup>. a propiedades particulares repartidos en parcelas para edificacións unifamiliares adosadas e 6.333,96 m<sup>2</sup> a zonas verdes .*

*A urbanización está formada polas rúas Tomada e camiño Tomada xa existentes, e unha rúa de novo trazado, a rúa A e a rúa C, ésta de “coexistencia”, a zona verde distribúese na parte central do terreo limitado polo vial A e Tomada e na zona Norte do ámbito.*

*A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, gas, alumeadado público, comunicacións e mobiliario urban.*

*O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns.*

*Achégase ó expediente o documento de remisión de decisión sobre a innecesiedade de avaliación de impacto ambiental, emitido o 24 de setembro polo Director de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.*

*Ó inicio das obras de urbanización só poderá realizarse trala firma do ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.*

*A solicitude da firma de dita Acta presentarase na Xerencia Municipal de Urbanismo, acompañada de:*

- *Plan de Seguridade e Saude firmado polo Contratista, visado e presentado na Dirección Xeral de Traballo da Comunidade Autónoma.*
- *Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saude polo Coordinador de Seguridade e Saude, visado polo Colexio profesional correspondente.*
- *Plan de Control de Calidade.*

*Para a firma do Acta, será necesario que estén presentes:*

*Técnico da Xerencia de Urbanismo.*

*Técnico Supervisor Municipal.*

*O Promotor.*

*Representante do Contratista.*

*O Técnico Director das Obras.*

*O Coordinador de Seguridade y Saude.*

#### **RECEPCION DAS OBRAS DE URBANIZACION.**

*A solicitude da mesma, presentada no Concello, acompañarase da seguinte documentación:*

*Planos que inclúan o estado do realmente executado, en soporte papel e informático*

*Certificado de final de obra firmado polo Técnico Director das obras, o promotor e o contratista.*

*Resumen dos ensaios realizados.*

*O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia, Gas Galicia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terreos incluídos no ámbito do proxecto.”*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### *I. Proxecto de urbanización:*

*O artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.*

*Segundo os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase á normativa actualmente en vigor.*

*Así mesmo, o proxecto cumpre co disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade autónoma de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento (Decreto 35/2000, 28 de xaneiro).*

### *II. Sistema de actuación elixido para a execución do polígono:*

*Segundo consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A entidade urbanística colaboradora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da LOUGA e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización.*

*Consonte co establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizárase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*

### *III. Procedemento:*

*O devandito artigo 110 da LOUGA, no seu apartado 4, dispón que os proxectos de urbanización serán aprobados polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en nun dos xornais de maior circulación da provincia. A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente.*

### *IV. Avaliación de impacto ambiental:*

*Con data 2/02/08 entrou en vigor o Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de avaliación do impacto ambiental de proxectos.*

*Dentro do anexo II (grupo 7.b) menciónanse como susceptibles de ser sometidos á tramitación de avaliación de impacto ambiental os proxectos de urbanizacións.*

*Remitido o expediente á Consellería de Medio ambiente e desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia a fin de determinar o sometemento do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, consonte co previsto no artigo 16 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental, o Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante Decisión do 24/09/08, conclúe que non é necesario someter o proxecto presentado ao trámite de avaliación de impacto ambiental, sempre que se cumpran as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación de entre as indicadas no anexo da devandita Decisión (do que se achega copia para o seu cumprimento).*

*V. Competencia:*

*Consonte co previsto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a competencia para a aprobación dos proxectos de urbanización correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*Xa que logo, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da A-SU-A 1 TOMADA, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio oficial correspondente en data 26/01/04.*

*SEGUNDO.- Someter o expediente número 4504/401 a información pública polo prazo de vinte días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente e da Decisión do 24/09/08 do Director xeral de calidade e avaliación ambiental e o seu anexo. Notifíqueselle tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestruturas de telecomunicacións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(1938).- PROXECTO EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DA ÁREA DOTACIONAL Nº 1 DO PERI DO CASCO VELLO. PARCELAS, 2, 4, 6, 10 E 12 DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 206/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.12.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12/04/07, acordou a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo (exp. 7888/401).*

*O devandito PEPRI Casco Vello inclúe un Área dotacional número 1 na que se recollen un conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 10 e 12.*

*A delegada da área de urbanismo e vivenda da Xerencia municipal de urbanismo, con data 27/03/08, resolveu a incoación do expediente de expropiación das devanditas construcións.*

*A oficina de planeamento e xestión recabou a información catastral, rexistral e topográfica, así como a dos propietarios coñecidos, para que no prazo de dez días aportasen información para a correcta redacción do proxecto técnico necesario para a expropiación.*

No proxecto expropiatorio redactado polas oficinas de planeamento e xestión e barrios históricos da Xerencia municipal de urbanismo, asinado o 24/11/08, constan as seguintes parcelas e relación de propietarios coa conseguinte valoración:

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº1 Celso Emilio Ferreiro Nº2</i>		<i>REF. CATASTRAL: 2860201NG2726S</i>	
<i>PROPIETARIO: Rubia Felisa Gandía Gandiña</i>			
<i>DIRECCIÓN: Celso Emilio Ferreiro Nº44 Vigo</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE</i>
39,50	Terreo	1.379,88	54.505,12
	5% Afecção		2.725,26
<i>IMPORTE TOTAL</i>			57.230,37

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº2 Celso Emilio Ferreiro Nº4</i>		<i>REF. CATASTRAL: 2860202NG2726S</i>	
<i>PROPIETARIO: Felisa Gandía Peña</i>			
<i>DIRECCIÓN: rúa Zamora 34 – 4º-D Vigo</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE</i>
44,50	Terreo	1.379,88	61.404,66
	5% Afecção		3.070,23
<i>IMPORTE TOTAL</i>			64.474,89

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA N°3 Celso Emilio Ferreiro N°6</i>		<i>REF. CATASTRAL: 2860203NG2726S</i>	
<i>PROPIETARIO: José Godoy Ribeiro</i>			
<i>DIRECCIÓN: Rúa Lepanto N°20 Vigo</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE</i>
44,5	Terreo	1.379,88	61.404,38
	5% Afecção		3.070,23
<i>IMPORTE TOTAL</i>			64.474,89

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA N°4 Celso Emilio Ferreiro N°8</i>		<i>REF. CATASTRAL: 2860204NG2726S</i>	
<i>PROPIETARIO: Hdros de José Fernández Díaz</i>			
<i>DIRECCIÓN: Rúa López Mora N°50- 4ª Vigo</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE</i>
46	Terreo.	1.379,88	63.474,48
	5% Afecção		3.173,72
<i>IMPORTE TOTAL</i>			66.648,20

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA N°5 Celso Emilio Ferreiro N°10</i>		<i>REF. CATASTRAL: 2860205NG2726S</i>	
<i>PROPIETARIO: Leonor Peixoto Carrera.</i>			
<i>DIRECCIÓN: Rúa León 12 2º Vigo</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE</i>
41	Terreo.	1.379,88	56.575,08

	5% Afecção		2.828,75
<b>IMPORTE TOTAL</b>			59.403,83

<b>FOLLA DE PREZO XUSTO</b>			
PARCELA Nº6 Celso Emilio Ferreiro Nº12		REF. CATASTRAL: 3856748NG2735N	
PROPIETARIO: Francisco Javier e María Sol Álvarez Rúa			
DIRECCIÓN: Rúa Nicaragua Nº16 2ºD Vigo			
<b>RELACIÓN DE BENS AFECTADOS</b>			
<b>UNIDADE</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PREZO</b>	<b>IMPORTE</b>
37	Terreo	1.379,88	51.055,56
	5% Afecção		2.552,78
<b>IMPORTE TOTAL</b>			53.608,34

Consta no expediente certificado de data 24/11/08, da existencia de saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe de 365.840,54 €.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### I. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación:

O artigo 29.2 do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando os devanditos instrumentos habiliten para a súa execución e ésta deba producirse por expropiación.

No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación plenaria, mediante acordo de data 12/04/07, de aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo (expte. 7888/401), que inclúe a área dotacional nº 1 a obter por expropiación.

##### II. Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio:

O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta, determinando o contido mínimo do proxecto e o procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública polo prazo dun mes para que aqueles que poidan resultar interesados, formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo, deberase notificar individualmente aos que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folia

de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Logo da análise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

III. Necesidade de práctica de nota marxinal de inicio de expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade:

Consonte co disposto no artigo 22 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, procede a práctica da inscrición rexistral do inicio do presente expediente.

IV. Órgano competente para adopción do presente acordo:

En virtude co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de goberno local.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

*PRIMEIRO:* Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da Área dotacional número 1 do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo, referido ao conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 10 e 12 da rúa Celso Emilio Ferreiro, descritas no proxecto expropiatorio elaborado polas oficinas de planeamento e xestión e barrios históricos da Xerencia municipal de urbanismo de data 24/11/08 (expte. 206/413).

*SEGUNDO:* Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOGA e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparecen como titulares de bens ou dereitos.

*TERCEIRO:* Practicar a anotación do inicio do expediente expropiatorio no Rexistro da Propiedade, de acordo co establecido no artigo 22 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(1939).- INESIXIBILIDADE DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN UE 5 VIÑAGRANDE. EXPTE. 4858/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Administración xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 28.11.08, que di o seguinte:



## ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de novembro de 2008, acordou aplicar ao ámbito do PERI VIÑAGRANDE o modelo de estatutos aprobado polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/04), requirindo aos interesados para que no prazo dun mes constituísen en escritura pública a devandita entidade de conservación, nomeando como representante municipal da mesma ao delegado da área de urbanismo e vivenda, don José Manuel Mariño Mendoza.

No en tanto, don Diego Gómez Fernández, en representación da Xunta de compensación do polígono UE.5 VIÑAGRANDE, presenta escrito (DOC. 80130734), con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 21/10/08, manifestando que no devandito ámbito non hai obriga de constituir unha entidade de conservación, por non preverse ningunha zona verde de nova creación, sendo a conservación da totalidade das obras de urbanización do polígono correspondente ao Concello de Vigo.

Con data 18/11/08 o adxunto ao director dos servizos técnicos, emite o seguinte informe:

“En efecto, en el desarrollo del PERI U.E. 5 VIÑAGRANDE, no se contempla ninguna zona verde. La zona de cesión lo es para equipamiento deportivo, que está rodeada de una pequeña porción de terreno ajardinado como remate de lo no ocupado por la instalación deportiva”.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Entidade urbanística de conservación da urbanización:

O artigo 110.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), así como o artigo 68 do ED 3288/78, do 25 de agosto, de xestión urbanística, permiten ao planeamento prever a conservación da urbanización a cargo dos propietarios dos solares resultantes da execución da urbanización.

O apartado 3.2.3.5.b) do anterior Plan xeral de 1993, dispoñía que se constituirán entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais e, o artigo 2.3.5.b) do PXOM de Vigo actualmente vixente, establece que será obrigatoria a constitución da entidade de conservación nos polígonos delimitados no termo municipal nos que os propietarios asumirán só a conservación das zonas verdes de superficie unitaria inferior a 5.000 m<sup>2</sup>.

De acordo co informado polo técnico municipal no ámbito do PERI U.E. 5 VIÑAGRANDE, non se contempla ningunha zona verde, polo que non existe a obriga de constitución dunha entidade de conservación.

### II. Competencia:

De conformidade co exposto e, en virtude da competencia que o artigo 127.1.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, atribúe á Xunta de goberno local, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

*PRIMEIRO: Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de novembro de 2008, en expediente nº 4858/401, para aplicar ao ámbito do PERI VIÑAGRANDE o modelo de estatutos aprobado polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/04), requirindo aos interesados para que no prazo dun mes constituísen en escritura pública a devandita entidade de conservación, nomeando como representante municipal da mesma ao delegado da área de urbanismo e vivenda, don José Manuel Mariño Mendoza, unha vez verificada a inesixibilidade da obriga de constitución da devandita entidade de conservación por non contemplarse ningunha zona de verde en dito ámbito.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, facendo constar que contra o mesmo caberá interpor, alternativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, perante o mesmo órgano que o ditou ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acordo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.